

14/815 **ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN POLO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA E EXCEPCIONAL A FAVOR DE “DIOCESIS DE LUGO”, CIF.- R 2700002E, PARA O PROXECTO: REHABILITACIÓN CA CAPILLA DO CARME”. CÓDIGO PROXECTO.- 21RT00004.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Desenvolvemento Local, do 27 de decembro de 2021, na parte expositiva do cal se fai constar:

“ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Modificación orzamentaria de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario Num 1/2021 no Orzamento do Concello para 2021, na que se inclúe, entre outros:

Subvención Excepcional Rehabilitación Capela do Carmen: O Concello de Lugo considera de especial interese o arranxo desta capela, que se atopa nun estado moi deteriorado, polo seu gran valor patrimonial, artístico e histórico para a cidade, xa que no seu interior se atopan interesantes obras do século XVIII e XIX que convén protexer. É importante tamén destacar o seu valor identitario e afectivo xa que a encargada do seu mantemento, a Cofradía da Virxe do Carme, é unha das máis antigas do municipio e unha das que conta con maior número de cofrades, cerca do milleiro.

Así mesmo, o Concello de Lugo considera que é necesaria a súa posta en valor pola situación onde se levanta, ao estar ubicada nunha das zonas máis emblemáticas da cidade, á entrada do barrio do Carme, na que o Goberno local está desenvolvendo numerosos proxectos cara a súa recuperación como espacio de lecer para a cidadanía e como novo acceso sostible desde a trama urbana da cidade á contorna do río Miño.

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO VI	Importe
21RT00004	33600.78900	Subvención Excepcional Rehabilitación Capela do Carmen	70.000,00

SEGUNDO.- No orzamento xeral municipal do ano 2021 figura a previsión de subvención excepcional para a rehabilitación Capela do Carmen por importe de 70.000 euros. Do mesmo xeito, no Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 do Excmo. Concello de Lugo, actualizado ao ano 2021, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local núm.10/238 de data 28.04.2021, no seu capítulo dedicado ás Subvencións Directas e Excepcionais figura a previsión de dita subvención.

TERCEIRO.- Con data 2 de decembro de 2021, a entidade presentou por rexistro xeral do concello a documentación requirida para a instrución do procedemento:

- Copia do NIF 33.824.824-n, pertencente a D. Antonio de los Ojos Perez, e copia da páxina da Acta, de data 19 de abril de 2008, na que figura como

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7699087171580846341.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-12-2021

presidente da Xunta Directiva da Cofradía da Nosa Señora do Carme de Lugo.

- Copia da Solicitud de subvención da Diocese de Lugo, co CIF.-R2700002C, de data 12 de novembro de 2021, para o arranxo da Cuberta da Capela do Carme, acordada polo Pleno do Concello de Lugo por un orzamento de 70.000€.
- Copia da Declaración da Diocese de Lugo, de data 12 de novembro de 2021, de non ter solicitado nin recibido outras axudas, de institucións civís ou privadas para o arranxo da Cuberta da Capela do Carme
- Copia dos certificados acreditativos de que a Diocese de Lugo, non ten débedas coa Axencia Tributaria, nin coa Seguridade Social. Ambos certificados son de data 12 de novembro de 2021.
- Tres orzamentos da obra rehabilitación do tellado da Capela do Carme:
 - o HERMANOS CASTEDO, por importe de 73.810 € (IVE incluído)
 - o CUBIERTAS ALCAR, SL, polo importe de 59.156,90 € (IVE incluído)
 - o PIZLOGA, SL, polo importe de 53.663,50 € (IVE incluído)

CUARTO.- Documento contable de retención de crédito de data 25/05/2021 de 2021 (N° operación.- 202100037781 y Ref. Intervención 21.21.RC.002897) na aplicación orzamentaria 33600.78900, por importe de 70.000€.

QUINTO.- Informe favorable fiscalización limitada previa, de data 27 de decembro de 2021, no que se realizan 2 observacións:

“PRIMEIRA: Cláusula QUINTA.- PRAZO E FORMA DE PAGO: “Unha vez formalizado o convenio transferirase o 50% da totalidade da cantidade prevista na cláusula SEGUNDA, é dicir, 35.000,00 €. Este pago farase de maneira anticipada e dunha soa ez, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.” Deberá de modificarse a redacción da citada cláusula, debendo ser redactada como segue: “Unha vez formalizado o convenio, e previa entrega ao Concello de Lugo da documentación que acredite por parte da entidade adxudicataria o cumprimento da Cláusula Terceira: Contratación (A Entidade Beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación de compromiso para a obra. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa), transferirase o 50% da totalidade da cantidade prevista na cláusula SEGUNDA...”

SEGUNDA: Vista a data de remisión do expediente aos efectos da súa fiscalización, así como os recursos que financian a proposta (Remanente de Tesourería para gastos Xerais) derivado do expediente de modificación orzamentaria Suplemento de Crédito 1/2021, sinalar que estes non serán

executivos ata a liquidación do Orzamento 2021, logo da tramitación do expediente de modificación orzamentaria, na modalidade de Incorporación de Remanentes de Crédito, de selo caso."

Ambas, se teñen en conta, incorporando a primeira na cclausula Quinta do convenio, e a segunda ao terceiro resolvo deste acordo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións:Art. 22.2. c)
- RD 887/2006, de 21 de xullo, regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: art. 67
- Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo: Art. 13 e 14. 3. Procedemento de concesión directa e excepcional de subvencións: do art. 20 ó 24.

2º.- XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA E EXCEPCIONAL

O art. 13 da ordenanza xeral, en consonancia co establecido no art. 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os distintos tipos de subvención, clasificadas segundo os procedementos de concesión: "Art. 13.- Tipos de subvención. En función dos procedementos polos que se conceden, as subvencións pódense clasificar nos seguintes tipos: -Subvencións concedidas de forma directa baseadas en razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Neste caso, consta no expediente a proposta da Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza, de data 23-04-2021, polo que O Concello de Lugo considera de especial interese o arranxo desta capela, que se atopa nun estado moi deteriorado, polo seu gran valor patrimonial, artístico e histórico para a cidade, xa que no seu interior se atopan interesantes obras do século XVIII e XIX que convén protexer. É importante tamén destacar o seu valor identitario e afectivo xa que a encargada do seu mantemento, a Cofradía da Virxe do Carme, é unha das máis antigas do municipio e unha das que conta con maior número de cofrades, cerca do milleiro. Así mesmo, o Concello de Lugo considera que é necesaria a súa posta en valor pola situación onde se levanta, ao estar ubicada nunha das zonas máis emblemáticas da cidade, á entrada do barrio do Carme, na que o Goberno local está desenvolvendo numerosos proxectos cara a súa recuperación como espacio de lecer para a cidadanía e como novo acceso sostible desde a trama urbana da cidade á contorna do río Miño. Hai que lembrar que a capela está construída xunto a Porta Miñá, a escasos metros dos tres patrimonios da Humanidade que atesoura Lugo: a Muralla Romana, a Catedral e o Camiño Primitivo. Tamén está nas proximidades da Vía Romana. Neste senso, temos que ter en conta, ademais, que

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7699087171580846341.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-12-2021

estamos xa inmersos nun Ano Santo, que será extensible ao 2021, polo que se espera que se acheguen á cidade numerosos peregrinos en canto a situación das restricións sanitarias e de mobilidade o permitan.

En consecuencia e unha vez comprobada toda a documentación presentada, dende esta unidade administrativa considérase que o beneficiario reúne todos os requisitos para acceder a esta subvención, polo que propónse a aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Dioceses de Lugo, Cofradía do Carme.

En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente de acordo coas atribucións conferidas segundo o artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións reservadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019, punto Primeiro, apartado p), á Xunta de Goberno Local correspóndelle “a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitadas en réxime de concorrencia competitiva e convenios reguladores das subvencións nominativas e aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións.”

O xoves, 16 de decembro, recíbese no Servizo de Desenvolvemento Local, o expediente de solicitude, cos anteriores antecedentes, e procedese a requirir ao representante da Diocese a seguinte documentación:

- Aclaración do importe reflectido na solicitude da Diocese, que por un erro involuntario figura a cantidade de 70.00€, cando en realidade solicitan 70.000 €.
- Nota rexistral actualizada que o inmovible de referencia, actualmente esta libre de cargas e gravames

Ambos aspectos foron aclarados, e a continuación solicitouse ao servizo de Fomento, informe relativo á que o procedemento a seguir, e conforme a regulamentación específica que se regula no artigo 67 do regulamento xeral de subvencións. O Servizo de Fomento, informa favorablemente, o 21 de decembro, e tódalas súas suxerencias, relativas á vixencia do convenio e aos prazos e formas de xustificación da subvención, incorpóranse ao texto do Convenio.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL

FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a autorización e disposición do gasto, subvención directa e excepcional, por importe de 70.000 € a favor da "DIÓCESIS DE LUGO, COFRADÍA DO CARME CIF R2700002E, e con cargo á aplicación orzamentaria 33600.78900 do vixente presuposto municipal (Nº operación.- 202100037781 e Ref. Intervención 21.21.RC.002897).

SEGUNDO.- Aprobar o texto do convenio regulador da dita subvención directa e excepcional :

"En Lugo, a 29 de decembro do ano 2021

REUNIDOS

*Dunha parte, Dona. **LARA MENDEZ LOPEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA** do **Concello de Lugo**, debidamente facultada para este acto, posto que como Alcaldesa ostenta a representación do Concello, en virtude do disposto no artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cargo que segue desempeñando na actualidade.*

*Doutra parte, D.XX ,que actúa en Representación da Entidade **BISPADO DE LUGO (DIOCESE DE LUGO)**, con CIF .- **R2700002C**, .*

Intervenien en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

I.- Que, de acordo co previsto no art. 25.2.a) da Lei de Bases do Réxime Local, Lei 7/1985, de 2 de abril, o Concello, exercerá, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado, nas materias, entre outras de conservación e rehabilitación da edificación.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7699087171580846341.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-12-2021

II.- Que a Entidade Relixiosa Bispado de Lugo é unha entidade sen fin de lucro, cuxo obxecto é a acción pastoral, caritativa e social na Provincia de Lugo e na Cidade de Lugo, a través de todos os seus niveis, órganos e membros así coma colaboradores entre os que se sitúa a Cofradía XXXXX

*III.- Que a referida Entidade é titular rexistral do inmovible situado na **Rúa do Carmé Nº 1. C.P.27004**, con referencia catastral **7331109PH1673S0001PX**, o que se acredita mediante Certificación Catastral, da dirección General del Catastro, de data 17 de decembro de 2021. Correspóndese co número de Leira Rexistral **73311-09** de Lugo, cunha superficie de 320 m. Cuadrados. O devandito inmovible figura nestá certificado como 100 % propiedade da Diocese de Lugo co CIF.- R2700002E. Este inmovible está libre de cargas e gravames, o que se acredita mediante nota simple do Rexistro da Propiedade, de data 20 de decembro de 2021.*

*IV.- Con data **2 de decembro de 2021**, preséntase escrito con entrada no Rexistro Xeral rexistrado ao nº **202100000043486**, no que se solicita que polo Concello de Lugo contribúase, mediante unha axuda económica, á rehabilitación da denominada Capela do Carmen.*

Achegado a devandito escrito achégase a Memoria Descritiva e Orzamento das devanditas obras.

*V.- Nos Orzamentos Xerais do Concello de Lugo para o ano 2021, existe unha subvención nominativa na Aplicación Orzamentaria **33600.78900** en concepto de **SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL REHABILITACIÓN CAPELA DO CARME**, por un importe de **70.000,00 €**.*

VI.- Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (art. 22.2.a), así como o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, posibilitan e regulan a concesión directa de subvencións excepcionais directas.

Que o artigo 28.1 de a Lei 38/2003, de 17 de novembro. Xeneral de Subvencións, establece que "Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, ou nos das corporacións locais, sen prexuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora".

Que o artigo 65.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, determina que "o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión aos efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións".

POR TODO ISO, deciden concertar o presente Convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO ENTIDADE BENEFICIARIA.-

O presente convenio ten por obxecto canalizar a subvención prevista nos Orzamentos Xerais do Concello de Lugo para a seguinte actuación: **REHABILITACIÓN DA CUBERTA/ TELLADO DA CAPELA DO CARMEN**, situado na Rúa do Carmé, Nº 1. C.P. 27004, con referencia catastral **7331109PH1673S0001PX**, e número de Leira Rexistral **73311-09** de Lugo, segundo defínense na Memoria- Proxecto elaborado pola arquitecta Luisa Serrano García, por un orzamento total de execución por contrata, que é de 257.194.49 €, de acordo ao seguinte desglose:

ACTUACIÓNS

1 ACTUACIONES PREVIAS . 46.114,00

2 CUBIERTAS . 71.354,38

3 FACHADAS . 55.301,31

4 SEGURIDAD Y SALUD . 4.150,00

5 GESTION DE RESIDUOS . 1.700,00

Presupuesto de execución material 178.619,69

13% de gastos xerais 23.220,56

6% de beneficio industrial 10.717,18

Suma 212.557,43

21% 44.637,06

Presupuesto de execución por contrata 257.194,49

No desglose anterior, observase que o importe de execución material da cuberta é de 71.354,38 €, ao que si se suma unha porcentaxe do 13% de gastos xerais (9.276,07 €), e unha porcentaxe do 6% de beneficio industrial (4.281,26 €), suman un importe de 84.911,71€, ao que se suma o importe do IVE, de 17.831,46 €. A suma de todo o anterior, totaliza un importe de presuposto de execución por contrata para a cuberta/ tellado da Capela do Carme, de 102.743,57 €

De conformidade co disposto no art. 31 da Lei Xeral de Subvencións, consideraranse gastos subvencionables, ademais dos ligados á execución estricta das obras proxectadas, os que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade, resulten estritamente necesarios e realícense antes da finalización do prazo estipulado neste convenio.

SEGUNDA. CONTÍA DA SUBVENCIÓN E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O Concello de Lugo con cargo á súa Aplicación Orzamentaria 33600.78900 achegará a cantidade máxima de **SETENTA MIL EUROS (70.000,00 €)** para a realización do citado obxectivo.

TERCEIRA. CONTRATACION.

De conformidade co disposto no art. 31 da Lei Xeral de Subvencións, ao superar o gasto subvencionable a contía de 40.000,00 € (importe máximo do contrato menor de obras) a Entidade Beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación de compromiso para a obra. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7699087171580846341.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-12-2021

achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

O provedor elixido deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais, tributarias e laborais co Concello de Lugo, Administración Estatal e Autonómica, e non debe estar incurso en prohibición de contratar conforme á normativa xeral de contratación pública.

CUARTA. DESTINO DO BEN INMOBLE.-

O ben inmoible obxecto da rehabilitación deberá destinarse durante un período de tempo non inferior a cinco anos contados desde a finalización das obras, aos mesmos fins que se utilizan actualmente.

O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da Lei Xeral de Subvencións, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, en caso de bens móbiles non inscribibles. Si o alleamento fose autorizada pola Administración, o adquirente asumirá a obriga de destino dos bens polo período restante e, en caso de incumprimento da mesma, do reintegro da subvención.

QUINTA.- PRAZO E FORMA DE PAGO.

Unha vez formalizado o convenio, e previa entrega ao Concello de Lugo da documentación que acredite por parte da entidade adxudicataria o cumprimento da Cláusula Terceira: Contratación (A Entidade Beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación de compromiso para a obra. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa), transferirase o 50% da totalidade da cantidade prevista na cláusula SEGUNDA. Este pago farase de maneira anticipada e dunha soa vez, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de conformidade co previsto no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e adaptado, en todo caso, ao orzamento monetario actualmente vixente.

Acreditada pola Entidade Beneficiaria a aplicación ao obxecto da subvención do importe anticipado (mediante facturas, certificacións de obra, etc), procederase a

abonar, tamén en concepto de anticipo, un 25 por 100 do importe da subvención (17.500,00 €).

O 25 por 100 final ata completar a subvención, abonarase, tamén en concepto de anticipo, unha vez xustificada a aplicación ao obxecto da subvención do 75 por 100 anticipado.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SEXTA. Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 70.000 € para a financiación parcial das actividades obxecto deste convenio.
- De acordo co establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao obxecto de cumprir coas obrigas de transparencia e publicidade, o Concello de Lugo queda obrigada a remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións a información sobre a subvención concedida

A entidade comprométese a :

- Colaborar co Concello de Lugo e lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións
- Cumprir coas obrigas que se establecen no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e comprométese, ademais de a cumprir o disposto no resto de cláusulas, a:

Aplicar os fondos previstos na cláusula SEGUNDA aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento do obxecto da subvención.

SÉTIMA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

Poderanse xustificar os gastos realizados ata o 15 de setembro de 2022.

A Entidade Beneficiaria deberá remitir ó Concello, a documentación que acredite a aplicación da subvención aos fins para os que foi concedida a través do presente convenio, a realizar mediante a presentación da seguinte documentación:

1. A Xustificación técnica. Prazo máximo 15/12/2022.
Deberase achegar unha memoria de actuación xustificativa das actuacións obxecto deste Convenio, incluíndo un informe da Dirección Facultativa das obras

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7699087171580846341.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-12-2021

sobre o desenvolvemento das mesmas, relacionándoo co proxecto que serviu de base para a firma deste Convenio.

2. A Xustificación Económica. Prazo máximo 15/12/2022.

A xustificación económica realizarase, a través da conta xustificativa de gastos, segundo o seguinte protocolo:

- a. Todos os gastos xustificaranse mediante a presentación de factura normalizada onde deberá apuntarse o nome, domicilio e razón social do perceptor, con indicación do CIF, debendo presentarse a factura selada e asinada pola empresa, cumprindo o resto de condicións do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro
- b. En canto aos pagos en metálico, deberase ter en conta a Lei 7/2012, de 29 de outubro, sobre limitación de pagos de cantidades superiores a 2.500,00 €, ou inferiores pero que respondan a un contrato relativo a unha prestación superior a esa cantidade.
- c. A xustificación dos gastos presentarase, coa documentación orixinal ó Concello de Lugo, que, unha vez conformada procederá ao seu arquivo, quedando a disposición da Intervención xeral, para o caso de que sexa seleccionada como mostra representativa ou se atope afectada por auditoría dentro o Plan de Fiscalización Plena Posterior e Control Financeiro de Gastos.

O incumprimento do deber de xustificación, nas condicións descritas na presente cláusula, dará lugar, de conformidade co contemplado no art. 30.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións á obriga de reintegro das cantidades percibidas.

Igualmente a entidade beneficiaria, quedará vinculado ao cumprimento das seguintes obrigas:

- a. Comunicar calquera proposta de modificación que puidese xurdir no desenvolvemento e execución do proxecto que se inclúe no expediente deste Convenio, co fin de acordar conxuntamente co Concello calquera variación no desenvolvemento dos mesmos.
- b. Atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, Servizos Tributarios do Concello de Lugo e Facenda Estatal. Para iso presentará Certificados dos organismos citados.
- c. A Entidade Beneficiaria, si ao longo do exercicio inmediatamente anterior ao presente percibiu en concepto de achegas e subvencións unha contía igual ou superior a Cento Vinte Mil Euros (120.000,00 €), presentará os estados contables aprobados polo órgano competente na súa xestión, confeccionados de acordo co Plan Xeral de Contabilidade vixente.

- d. Así mesmo, deberá achegar calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello de Lugo, en relación ao obxecto do presente convenio.
- e. O incumprimento do deber de xustificación, nas condicións descritas na presente cláusula, dará lugar, de conformidade co contemplado no art. 30.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións á obriga de reintegro das cantidades percibidas.
- f. Conservar e pór a disposición dos órganos de control do Concello de Lugo, cantos libros, rexistros, documentos, etc.. sexan necesarios para o exercicio da actividade obxecto da subvención, a fin de posibilitar a comprobación do destino dado aos fondos públicos.
- g. Cumprir co establecido no Capítulo II do Título I da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, caso de tratarse de entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000,00 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000,00 euros.
- h. Reintegrar os fondos recibidos en caso de producirse algún dos supostos recollidos no Título II da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións ou no Título III do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- i. No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei Xeral de Subvencións e no seu Regulamento.
- j. Dar publicidade ao carácter público dos fondos.
- k. Presentar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia.
- l. Presentar os tres presupostos que, no seu caso, solicitáronse.
- m. A non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que a contratación realícese de acordo coas condicións normais de mercado e obtéñase a previa autorización do Concello de Lugo.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS.-

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, poida recibir a beneficiaria para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, ata o importe total da actividade de acordo co disposto no art. 19.3 de Lei Xeral de Subvencións.

NOVENA.- DURACIÓN DO CONVENIO.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7699087171580846341.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-12-2021

Establécese unha duración do presente convenio dende, o 29 decembro de 2021 ata o 15 de setembro de 2022, ambos os dous incluídos.

DÉCIMA.- EFECTOS ECONÓMICOS DO CONVENIO.

Dado o carácter do Convenio terá efectos económicos desde o día da sinatura do convenio, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE.-

En toda a publicidade e difusión que se realice sobre os programas e actuacións derivados do presente convenio farase constar expresamente que ditas actividades foron subvencionadas pola Administración do Concello de Lugo, así como, a incorporar o seu logotipo en cantos materiais reproducízanse e utilicen para a difusión ou publicidade das citadas actuacións.

DUODÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Entidade deberá garantir a confidencialidade dos datos dos que teña coñecemento en execución do presente Convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S.-

Procederá o reintegro da subvención si a Entidade Beneficiaria, incorre nalgúns dos comportamentos previstos no art. 37.1 de a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Dita devolución deberá incluír o interese de demora correspondente.

Igualmente, incorrerá nas infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións previstas no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cando o cumprimento pola Entidade Beneficiaria, aproxímese de modo significativo ao cumprimento total e acredítese por esta unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios sobre gradación dos posibles incumprimentos enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da Lei Xeral de Subvencións.

Procederá así mesmo a devolución voluntaria a iniciativa da Entidade Beneficiaria, de acordo co establecido no artigo 90 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

DÉCIMOCUARTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.-

Non cabe a modificación do presente convenio que implique alteración das obrigas esenciais asumidas polas partes. Calquera outra se adoptará, en todo caso, por mutuo acordo das partes e reflectirase na correspondente adenda que deberá ser publicada no Boletín Oficial da Provincia.

No entanto, o anterior, si circunstancias sobrevidas non previstas inicialmente levasen a necesidade de acordar unha modificación substancial do convenio, requirirá da tramitación do correspondente expediente administrativo, debendo reunir os mesmos requisitos esixidos na tramitación do expediente inicial, sen que poida prexudicar os dereitos de terceiros recoñecidos con anterioridade á modificación.

DÉCIMOQUINTA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO.-

Calquera dúbida na interpretación do Convenio será resolta, previa consulta á entidade beneficiaria pola Concellería de Desenvolvemento Local.

DÉCIMOSEXTA.- XURISDICCIÓN COMPETENTE.-

Calquera cuestións litixiosas que puidesen xurdir entre as partes do presente Convenio, serán resoltas polos Xulgados e Tribunais do Contencioso-Administrativo da cidade de Lugo, renunciando as partes a calquera outro foro que lle puidese corresponder.

DÉCIMO SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO.-

O presente convenio de colaboración é o instrumento a través do cal se canaliza a subvención excepcional prevista no Orzamento Xerais do Concello de Lugo para o exercicio 2021, sendo de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

DÉCIMO OITAVA.- NATUREZA XURÍDICA.-

O presente Convenio atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, conforme ao establecido no artigo 6 de devandito texto legal e incluído no da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, conforme ao disposto no seu artigo 22.2.a) parágrafo segundo.

E para que así conste, e en proba de conformidade, asinan o presente documento por triplicado e a un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento."

TERCEIRO.- Vista a data de remisión do expediente aos efectos da súa fiscalización, así como os recursos que financian a proposta (Remanente de Tesourería para gastos Xerais) derivado do expediente de modificación orzamentaria Suplemento de Crédito 1/2021, sinalar que estes non serán executivos ata a liquidación do Orzamento 2021, logo da tramitación do expediente de modificación orzamentaria, na modalidade de Incorporación de Remanentes de Crédito, de selo caso.

CUARTO.- Proceder á publicación deste acordo de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7699087171580846341.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-12-2021

subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

QUINTO.- Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer-se os seguintes recursos: Contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1988 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo). Non obstante o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñer: O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992 do 26 de novembro no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto. Sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

SEXTO.- Dar traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.